

23. LIGA *BABY BASKET* MASCULINA E FEMININA

23.1 Participantes

Poderán participar todos aqueles clubs, colexios, escolas municipais ou provinciais, etc. inscritos ao efecto.

23.2. Regras de Xogo

Os encontros disputaranos equipos en formato de 4 contra 4, coas seguintes variantes respecto do Regulamento de Minibásquet:

- Cada equipo deberá inscribir na acta de xogo un mínimo de 6 xogadores/as e un máximo de 10.
- O encontro compoñeráse de dous períodos de 12 minutos cada un, cun descanso de 1 minuto.
- Poderán facerse cambios durante ambos períodos.

23.3. Data Inscripción de equipos

Data tope de inscrición: 31 de outubro.

XOGADORES

Está dirixido a nenos/as nados nos anos 2015 e 2016. Tamén se poderán incluír xogadores nados no ano 2017 (previo pago do seguro deportivo da FGB).

Para ter a cobertura do Xogade os nados no ano 2016 terán que ter os 6 anos cumpridos no momento da súa alta no equipo. De non ser así deberán darse de alta aboando a cota do seguro deportivo da FGB

ARBITRAXES

Os encontros serán supervisados pola figura dun “voluntario”.

FORMA DE XOGO

- A competición será de carácter zonal
- Non haberá resultados nin clasificación
- A frecuencia das xornadas será decidida en cada delegación (mensual, quincenal, semanal, etc.)
- A ser posible xogarse en réxime de concentración.
- Cada equipo xogará polo menos 2 encontros por xornada.
- Cada xornada será organizada e supervisada por un ou varios clubs.
- Os equipos deberán de ter un adestrador titulado (título Iniciación).

BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será da marca MOLTEN talla 3.

23.4. TERREOS DE XOGO

Os terreos de xogo no que se disputarán os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL III dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Aínda que se aconsella que se xogue na medida mínima oficial, quedando prohibido xogalo nas pistas coas medidas máximas.